



SOCIEDADE
MIXTA DE
TURISMO
DE FERROL

ANEXO 0 CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. DEFINIÇÃO DO OXECTO DO CONTRATO

Servizos de informacion turística nas oficinas municipais de Turismo de Ferrol do 1 de agosto ao 31 de decembro de 2018.

Código/s CPV: 63513000-8 (servizos de información turística)

División en lotes: Non procede a división en lotes, pois a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a súa correcta execución desde o punto de vista técnico. Ademais, dada a natureza do obxecto do contrato, a necesidade da coordinación da execución das diferentes prestacións veríase seriamente imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

Contrato reservado consonte a disposición adicional cuarta da LCSP: NON

Necesidades administrativas que se pretenden satisfacer mediante o contrato:

1. Intervir, desde as políticas, na mellora da imaxe turística de Ferrol e a súa contorna.
2. Contribuír á mellora socioeconómica de Ferrol no seu conxunto, a través dunha asistencia ao turismo de calidade, de forma que se acade un retorno económico do fenómeno turístico.
3. Cubrir as carencias de medios persoais na plantilla da Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, S.A. para prestar o servizo de información turística de forma efectiva.

2. ÓRGANOS ADMINISTRATIVOS

Órgano de contratación: Presidencia do Consello de Administración da SOCIEDADE MIXTA DE TURISMO DE FERROL S.A. Enderezo postal: Edificio do Concello de Ferrol, planta baixa, Praza de Armas s/n 15.402 Ferrol (A Coruña)

Unidade tramitadora: Xerencia

Centro xestor do contrato: Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, S.A.

Oficina contable: Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, S.A.-

3. UNIDADE ENCARGADA DO SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DO CONTRATO

Centro xestor que propón: Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, S.A.-
Xerencia

4. SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA

Acreditación da solvencia económica e financeira:

Requisitos mínimos de solvencia:

Non se esixe, ao abeiro do previsto no art. 159.6 da LCSP

Acreditación da solvencia técnica ou profesional:

Requisitos mínimos de solvencia:

Non se esixe, ao abeiro do previsto no art. 159.6 da LCSP

5. VALOR ESTIMADO

Valor estimado: 23.966,94 € euros. IVE excluído

Método de cálculo aplicado para calcular o valor estimado: Importe total do contrato sen modificacións previstas e sen posibilidade de prórroga.

Suxeito a regulación harmonizada: NON.

6. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E PARTIDA ORZAMENTARIA

Orzamento base de licitación (IVE excluído): **23.966,94 euros**

IVE: **5.033,06 €** Tipo(s): 21% do orzamento base anterior

Cofinanciamento: NON APLICA (INDICAR SI HAY FONDOS EUROPEOS)

Aplicación orzamentaria: Orzamento da Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol para o ano 2018, punto 4: Oficinas de Turismo.

7. REVISIÓN DE PREZOS

Procede: NON

8. PRAZO E LUGAR DE EXECUCIÓN

Total prazo de execución: 5 meses (do 1 de agosto de 2018 ao 31 de decembro de 2018).

Prórroga: NON

Lugar de execución: oficinas de turismo de Ferrol ubicadas na Praza de España e no Porto de Curuxeiras, así como naqueles recintos, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, onde se celebren Feiras de Turismo durante o período de vixencia do contrato.

9. PROCEDIMIENTO E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Tramitación anticipada: NON

Tramitación: Ordinaria

Procedemento: Aberto simplificado (art. 159.6 LCSP)

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

I.a. Criterios avaliable mediante fórmulas

a) Equipo técnico asociado ao servizo (Ata 30 puntos - 30% da valoración total). Neste apartado valorarase o equipo de persoas ofertado polo licitador, tendo en conta os requisitos de persoal e dedicación mínimos que veñen fixados no prego de prescricións técnicas. A valoración obtida neste apartado terá en conta:

i. O peso outorgado dentro do equipo a cada función, considerándose que a función de informadora principal importa o dobre que a das outras dúas persoas preceptivas que dentro do equipo técnico ofertado serán valoradas.

ii. Experiencia do persoal proposto en prestación de servizos de información turística, en funcións de natureza similar para cada membro do equipo, medida en número de meses. Esta avaliación da experiencia profesional en tarefas de información turística do equipo de traballo proposto, valorarase ata un máximo de 30 puntos para o conxunto do equipo de traballo proposto, de acordo cos seguintes criterios:

a) Valorarase con **0,20 puntos** cada mes de experiencia laboral acreditada de cada membro do equipo proposto na realización nas seguintes tarefas:

- Tarefas de guía, información, promoción, consultoría e comercialización turística e/ou de viaxes.
- Tarefas de asistencia e/ou organización de eventos
- Tarefas de asistencia en medios e termináis de transporte
- Tarefas de información, recepción e comercialización de aloxamentos turísticos

b) Valorarase con **0,50 puntos** por cada mes de experiencia laboral acreditada en oficinas de información turística de titularidade pública, ben sexa realizada por contratación laboral directa ou como empregada/o dunha adxudicataria do servizo.

A experiencia acreditarase cunha certificación de vida laboral orixinal ou autenticada emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, debendo aportar ademais un certificado emitido pola empresa/entidade na que se teña adquirida a experiencia; este certificado pode ser substituído por unha copia dos contratos de traballo, sempre que sirva para acreditar a experiencia nun posto das características semellantes aos que se van prestar.

Aos efectos da valoración da experiencia laboral acreditada, enténdese por un mes cada período de 30 días acreditado. Os períodos a valorar que non acaden o mes (30 días), serán valorados de forma prorrateada.

b) Ampliación do tempo de apertura (Ata 20 puntos - 20% da valoración total). Neste apartado valorarase as horas de aplicación de funcionamento das oficinas ofertadas que sexan superiores ás mínimas fixadas no Prego de

prescricións técnicas:

A ampliación do tempo de funcionamento das oficinas valorarase con hasta 20 puntos asignados ao de maior tempo ofertado computado en horas totales de funcionamento na suma das dúas oficinas por enriba dos mínimos esixidos no Prego de Prescricións Técnicas, e proporcionalmente ao resto (regra de proporcionalidade directa), sendo necesario fixar un límite máximo de garantía en 2432 horas de apertura máxima na suma das dúas oficinas de turismo.

I. b. Criterios económicos

a) Oferta económica (**Ata 50 puntos– 50% da valoración total**), proporcional á baixa sobre o orzamento de licitación.

Para o cálculo da puntuación aplicarase a fórmula que se indica de seguido, e que asigna a máxima puntuación á oferta que presenta a maior baixa económica sobre o orzamento de licitación e puntuacións proporcionais ao resto.

$$P_i = \frac{V_i}{V_{\max}} \cdot P_{\max}$$

Onde:

- P_i son os puntos obtidos pola oferta i
- V_i é o valor (baixa económica) na oferta i
- V_{\max} é o maior valor (baixa económica de entre todas as ofertas válidas)
- P_{\max} é a puntuación máxima asignada ao criterio

Fórmula de valoración global das ofertas presentadas:

A puntuación global de cada oferta será a suma das puntuación parciais obtidas en cada un dos criterios sinalado nos puntos I.a.a), I.a.b) e I.b anteriores. Cada puntuación parcial que estea composta de varios criterios calcularase da mesma maneira. Cada criterio de valoración último será avaliado un a un da seguinte maneira: repartiranse os puntos asignados ao mesmo entre todas as ofertas de forma proporcional e lineal aos valores obtidos.

De conformidade co disposto no artigo 147.1.a) da Lei 9/2017 establécese a prioridade na adxudicación do contrato, en caso de empate, á proposición presentada pola licitadora que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, teña na súa plantilla unha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao que lles impoña a normativa.

Se varias das licitadoras, das que empatasen, acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao que lles impoña a normativa, terá preferencia na adxudicación do contrato a licitadora que dispoña da maior porcentaxe de traballadora/es fixa/os con discapacidade no seu persoal.

Así mesmo, terán prioridade na adxudicación as ofertas que cumpran o disposto no artigo 147.1.b) da Lei 9/2017 referido ás empresas de inserción.

CRITERIOS DE DESEMPATE:

Os recollidos na cláusula 10 deste prego de cláusulas administrativas

10. GARANTÍA PROVISIONAL

Procede: NON

11. GARANTÍA DEFINITIVA

No se requerirá, de acordo co previsto no apartado f) do artigo 159.6 da LCSP
Constitución mediante retención no prezo: NON

12. PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

Lugar de presentación: presencialmente na Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol S.A., Edificio do Concello de Ferrol, planta baixa, Praza de Armas s/n 15.402 Ferrol

Hora: De 9.00 a 13.00 h

Correo electrónico para a remisión de xustificantes de remisión dentro de prazo por correo postal, o cal deberá acreditarse co selado polo servizo de correos da carátula do sobre que contén a oferta:

mlopezturismo@ferrol.es

Prazo: Dez (10) días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no perfil do Contratante (art. 159.6.a) LCSP.

13. CONTIDO DAS PROPOSICIÓN

Sobres que cómpre presentar:

Sobre único, de acordo coa Modalidade I prevista na cláusula 13 do prego de condicións administrativas particulares que rexen no concurso. O Sobre único deberá conter a documentación xeral e oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliábeis mediante fórmulas:

- DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN (DEUC) debidamente cumplimentado (ver Anexo II).
- DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA AO DEUC (ver Anexo III)
- PROPOSICIÓN ECONÓMICA (Ver Anexo I)
- PROPOSTA TÉCNICA conforme se establece no apartado 4 do Prego de Prescricións Técnicas.

A identificación exterior do sobre único e o seu contido axustarase ó esixido na cláusula 13 do prego de condicións administrativas.

14. MESA DE CONTRATACIÓN

A mesa de contratación estará integrada por:

Presidente: O concelleiro da área de Turismo do Concello de Ferrol.

Vogais:

Un membro do Consello de Administración da Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, S.A.

A directora-xerente da Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, S.A.

Un xurista, que será avogado colexiado experto en contratación pública.

Actuará como secretario o Secretario da Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol

15. ÓRGANO DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS SUBXECTIVOS

Procede: Non.

16. OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS

Procede: NON

17. ADMISIBILIDADE DE VARIANTES

Procede: Non (Se ben, poderán ser admitidas aquelas melloras que propoña a adxudicataria para a súa oferta).

18. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

Condicións especiais de execución, previstas no artigo 202.2 da LCSP:

No desenvolvemento das prestacións que constitúen o obxecto do presente contrato e que impliquen unha relación directa coa cidadanía deberá empregarse preferentemente o galego como lingua propia de Galicia, sen prexuízo do respecto aos dereitos lingüísticos das persoas.

Igualmente, as comunicacións a realizar entre a adxudicataria e a Administración e aquelas comunicacións oficiais externas que deriven ou estean directamente relacionadas coa prestación do servizo deberán realizarse preferentemente en lingua galega.

19. RÉXIME DE PAGAMENTOS

O pago do prezo do contrato realizarase, dividido en cinco facturas mensuais por idéntico importe e a mes vencido, unha vez se teña recibido a conformidade cada unha das correspondentes facturas na sede da Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, S.A. As facturas deberán recoller todos os requisitos esixidos na normativa fiscal vixente en materia de facturación, debidamente conformadas pola Unidade que reciba os traballos ou, no seu caso, polo designado como responsable do contrato.

20. PENALIDADES

a) Por demora: As recollidas na cláusula 23 deste prego de cláusulas administrativas.

b) Por incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso: As recollidas na cláusula 24 deste prego de cláusulas administrativas.

21. SUBCONTRATACIÓN

Subcontratación : Sí. De acordo cos requerimentos da cláusula 26 do prego cláusulas administrativas particulares.

22. CESIÓN DO CONTRATO

Os dereitos e obrigas que se deriven do contrato non poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro, xa que a cesión non é posible de acordo co establecido no segundo parágrafo do artigo 214.1 da LCSP: as calidades técnicas ou persoais do cedente son determinantes para a adxudicación do contrato, valorándose expresamente o equipo técnico asociado ao servizo.

23. MODIFICACIÓNS PREVISTAS NO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

Procede: NON

24. RECEPCIÓN DO CONTRATO

Acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á finalización ou realización do obxecto do contrato

26. PRAZO DE GARANTÍA

Quince días, que se contará desde a data de recepción ou conformidade do traballo.

27. PERFIL DE CONTRATANTE

Enderezo de acceso ao perfil de contratante do Concello de Ferrol:
<https://www.ferrol.gal/Sede/PerfilContratante>

Enderezo da plataforma de contratación do Estado: Non aplica

Vº Bº PRESIDENTE

Jorge Suárez Fernández

ANEXO I
MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

(nome), con documento de identidade número, maior de idade, con domicilio en....., vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobados pola Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, S.A. a contratación dos servizos de informacion turística nas oficinas municipais de Turismo de Ferrol do 1 de agosto ao 31 de decembro de 2018, e aceptando integramente o seu contido, en nome (propio ou da(s) persoa(s) ou entidade/s) que representa, especificando neste último caso as súas circunstancias), comprométese a executar o contrato de referencia polo seguinte importe:

Prezo (en letras e números) : _____ euros.
(___%) IVE: _____ euros.
Total (ÍVE incluído): _____ euros

Lugar, data e sinatura do licitador

ANEXO II

MODELO DE DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN

Os licitadores poderán presentar como proba preliminar do cumprimento dos requisitos previos para participar no procedemento de adxudicación do contrato de prestación dos servizos de información turística nas oficinas municipais de Turismo de Ferrol do 1 de agosto ao 31 de decembro de 2018, o documento europeo único de contratación (DEUC), consistente nunha declaración formal e actualizada da empresa interesada.

Este documento foi aprobado a través do Regulamento (UE) núm. 2016/7, do 5 de xaneiro e pode accederse a el en formato electrónico en <https://ec.europa.eu/growth/toolsdatabases/espd/filter?lang=es>. O formulario poderá, neste sitio, cubrirse e imprimirse para enviar ao órgano de contratación co resto da oferta.

Para facilitar a formalización por parte das empresas do modelo de formulario normalizado do DEUC que establece o anexo II do Regulamento (UE) nº 2016/7, fórmulanse a continuación as seguintes orientacións:

- a) De conformidade co establecido na parte II, sección A, quinta pregunta, dentro do punto titulado «Información xeral», do formulario normalizado do DEUC, as empresas que figuren inscritas nunha «lista oficial de operadores económicos autorizados» só deberán facilitar en cada parte do formulario aqueles datos e informacións que, no seu caso concreto, non estean inscritos nestas «listas oficiais». Así, en España as empresas non estarán obrigadas a facilitar aqueles datos que xa figuren inscritos de maneira actualizada no rexistro de licitadores que corresponda, xa sexa no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECSP) ou o Rexistro Xeral de contratistas de Galicia (RXG-Galicia) co alcance previsto no artigo 339 da LCSP, coa condición de que as empresas inclúan no formulario normalizado do DEUC a información necesaria para que o órgano de contratación poida realizar o acceso correspondente (endereço da internet, todos os datos de identificación e, se é o caso, a necesaria declaración de consentimento).

Para o caso de que a empresa se atope inscrita no ROLECSP ou no RXCG, a seguir esta recomendación indica, respecto de cada unha das partes do formulario, que datos son susceptibles de figurar inscritos nos rexistros e cales non. Dado que algúns destes datos deben ser subministrados, en todo caso, pola empresa e outros son voluntarios, limitarémonos a sinalar en cada caso se os datos que reclama o formulario son ou non son potencialmente inscribibles, e a empresa debe asegurarse de que efectivamente están inscritos e actualizados e cales non están inscritos ou, de p estaren, non están actualizados, no seu caso concreto.

- b) O acceso por parte dos órganos de contratación aos rexistros de

licitadores, así mesmo, ten o efecto establecido no artigo 59.5 DN. Así, aínda que, de acordo co artigo 59.4 DN con carácter xeral o órgano de contratación poderá requirir aos candidatos e licitadores durante a substanciación do procedemento de contratación e para garantir o seu bo desenvolvemento para que acheguen documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos de acceso á licitación, e con carácter previo á adxudicación o primeiro deberá exixir ao adxudicatario a presentación destes documentos xustificativos; o artigo 59.5 DN matiza o establecido no punto anterior do mesmo artigo ao eximir os licitadores e candidatos de presentar aqueles documentos xustificativos que proben informacións que poidan ser acreditadas mediante unha certificación expedida polo rexistro de licitadores que corresponda [ROLECSP ou RXCGalicia]. Deberán cumprimentarse necesariamente os apartados que de conformidade co Índice e Estrutura do DEUC se relacionan.

PARTE I: INFORMACIÓN SOBRE O PROCEDUREMTO DE CONTRATACIÓN E O PODER ADXUDICADOR

(Identificación do contrato e a entidade contratante; estes datos deben ser facilitados ou postos polo poder adxudicador)

PARTE II: INFORMACIÓN SOBRE O OPERADOR ECONÓMICO

Sección A: INFORMACIÓN SOBRE O OPERADOR ECONÓMICO

Sección B: INFORMACIÓN SOBRE OS REPRESENTANTES DO OPERADOR ECONÓMICO

Sección C: INFORMACIÓN SOBRE O RECURSO Á CAPACIDADE DOUTRAS ENTIDADES

Sección D: INFORMACIÓN RELATIVA AOS SUBCONTRATISTAS

PARTE III: MOTIVOS DE EXCLUSIÓN (no servizo electrónico DEUC os campos dos apartados A, B e C desta parte veñen por defecto co valor 'Non' e teñen a utilidade de que o operador poida comprobar que non se atopa en causa de prohibición de contratar ou que, en caso de atoparse nalgunha, pode xustificar a excepción)

Sección A: MOTIVOS REFERIDOS A CONDENAS PENAIS.

Sección B: MOTIVOS REFERIDOS AO PAGO DE IMPOSTOS OU DE COTIZACIÓNS Á SEG. SOCIAL.

Sección C: MOTIVOS REFERIDOS Á INSOLVENCIA, OS CONFLICTOS DE INTERESES OU A FALTA PROFESIONAL

Sección D: OUTROS MOTIVOS DE EXCLUSIÓN QUE ESTEAN PREVISTOS NA LEXISLACIÓN NACIONAL.

PARTE IV: CRITERIOS DE SELECCIÓN

OPCIÓN 1: INDICACIÓN GLOBAL DE CUMPRIMENTO DE TODOS OS CRITERIOS DE SELECCIÓN

OPCIÓN 2: O poder adxudicador esixe a declaración de cumprimento dos criterios especificamente (cumprimentar todas as seccións)

Sección A: IDONEIDADE

Sección B: SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

Sección C: CAPACIDADE TÉCNICA E PROFESIONAL

Sección D: SISTEMAS DE ASEGURAMIENTO DA CALIDADE E
NORMAS DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL.

PARTE V: REDUCCIÓN DO NÚMERO DE CANDIDATOS
CUALIFICADOS.

PARTE VI: DECLARACIÓN FINAIS (declaración responsable de
veracidad e disponibilidad de documentos acreditativos da información
facilitada, e consentimento de acceso á mesma polo poder adxudicador)

ANEXO III
MODELO DE DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA AO DEUC

(nome) _____ con
documento de identidade número _____ e domicilio
en _____ provincia de

rúa _____,
número _____, en nome propio ou en representación da
empresa _____ con NIF
_____ e domicilio en

____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de prestación dos servizos de información turística nas oficinas municipais de Turismo de Ferrol do 1 de agosto ao 31 de decembro de 2018, declaro:

PRIMEIRO: Que nin a empresa, en nome da cal actúo, nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións para contratar coa Administración por si mesma nin por extensión como consecuencia da aplicación do artigo 71 da LCSP.

SEGUNDO: Que non formo parte dos órganos de goberno ou administración da entidade nin son un alto cargo aos que se refire a Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nin son ningún dos cargos efectivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nelas.

TERCEIRO: Que esta empresa se atopa nestes momentos ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos en que estas se definen nos artigos 13 e 14 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas (en diante RXLCAP), e non ten débedas tributarias pendentes de pagamento coa Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, S.A. e co Concello de Ferrol nos termos previstos no artigo 7.1 d) do real decreto citado anteriormente.

CUARTO: Que a declaración responsable a que se refiren os parágrafos anteriores se fai sen prexuízo da obriga de xustificar documentalmente as devanditas circunstancias no suposto de resultar proposto como adxudicatario do contrato, no prazo que sinala o órgano de contratación anterior á adxudicación definitiva do contrato.

QUINTO: Para os efectos do previsto no art. 140 da LCSP que a empresa está validamente constituída e que consonte o seu obxecto social pode presentarse á licitación, así como que, como asinante, posúo a debida representación para presentar a proposición.

SEXTO: Que a empresa á que represento non se atopa dada de baixa no censo do imposto de actividades económicas na matrícula correspondente, segundo o artigo 15 do RXLCAP e, no seu caso:

^ Epígrafe ou epígrafes de matrícula do imposto (IAE) nos que está dado de alta: _____

^ Está exenta do pagamento do imposto (IAE).

^ Está ao corrente no pagamento do imposto (IAE).

SÉTIMO: Que está inscrita

^ no Rexistro de Documentación de Empresas Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (BOP núm. 64 do 20/03/98) co número de inscrición _____ e manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

^ no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (Decreto 262/2001), co número de inscrición _____ e manifesta que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

^ no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas.

OITAVO: Que, en relación co establecido no artigo 140 da LCSP e no artigo 86 do RXLCAP sobre empresas vinculadas e a ao abeiro do artigo 42.1 do Código de Comercio, a empresa á que represento:

^ pertence ao grupo de empresas _____ (Achego anexo coa relación das empresas pertencentes ao grupo).

^ non pertence a ningún grupo de empresas.

NOVENO:

- Que a empresa á que representa emprega a: (marque a casilla que corresponda)

^ Menos de 50 traballadores

^ 50 ou máis traballadores e (marque a casilla que corresponda)

^ Cumpre a obriga de que entre eles, polo menos, o 2% sexan traballadores con discapacidade, establecida polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

^ Cumpre as medidas alternativas previstas no Real Decreto 364/2005, de 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva a favor de traballadoras con discapacidade.

- Que a empresa á que representa, cumpre coas disposicións vixentes en material laboral e social.

- Que a empresa á que representa: (marque a casilla que corresponda)

^ Emprega a máis de 250 traballadores e cumpre co establecido no apartado 2 do artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, relativo á elaboración e aplicación dun plan de igualdade.

^ Emprega a 250 traballadores ou menos e en aplicación do convenio colectivo aplicable, cumpre co establecido no apartado 3 do artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, relativo á elaboración e aplicación dun plan de igualdade.

[^] En aplicación do apartado 5 do artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, paraa igualdade efectiva de mulleres e homes, relativo á elaboración e aplicación dun plan de igualdade, a empresa non está obrigada á elaboración e implantación dun plan de igualdade.

DÉCIMO: Que autorizo expresamente á Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, S.A. e ao Concello de Ferrol para que, se procede, expida e incorpore ao expediente a pertinente certificación acreditativa da situación tributaria da empresa con esa entidade pública.

UNDÉCIMO: Que, de acordo co sinalado no artigo 140 da LCSP, esta empresa cumpre todas as condicións establecidas no prego de condicións administrativas particulares sobre a capacidade de obrar e xurídica, a habilitación profesional, clasificación e/ou solvencia para contratar coa Sociedade Mixta de Turismo de Ferrol, S.A. e co Concello de Ferrol.

Así mesmo

Autorizo ao órgano de contratación a recadar os datos que consten en poder da Administración e que sexan necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Comprométome a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: _____

E, para que conste e produza efectos no expediente ao que se refire a proposición á que se incorpora esta declaración responsable, asínoa en (lugar) o (data).

(sinatura do propoñente)